



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Aprobación das bases para a contratación laboral temporal de 7 socorristas para o Servizo de Vixilancia e Socorrismo nas praias e na piscina municipal, convocatoria 2022, previa selección realizada pola oficina do Servizo Público de Emprego de Carballo.

Núm. Admvo. Expte: 2022/E001/000004

Expte. Decreto Núm: 2022/G003/000325

Vista a Resolución de data 10/05/2022, da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de concesión dunha subvencións ao abeiro do programa TR351A de Fomento do emprego coas entidades locais, para a contratación de 7 socorristas para o Servizo de vixilancia e socorrismo nas praias e na piscina municipal, dos que un deles realizará tarefas de coordinación, concedida ao abeiro da Orde do 07/01/2022 na que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais (DOG núm. 21, do 1 de febreiro), convocatoria para o ano 2022.

Sendo preciso aprobar as bases de selección para a contratación laboral temporal de 7 socorristas, dos que 6 prestarán o servizo de vixilancia e socorrismo nas praias do concello e 1 prestará servizos de vixilancia e socorrismo na piscina municipal, previa preselección realizada pola oficina de emprego de Carballo, dentro do programa de Fomento do Emprego en colaboración coas entidades locais, para o ano 2022, baixo a modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

É necesario indicar que a contratación deste persoal é de carácter urxente e inaprazable, aos efectos de xustificar o previsto no art. 20. Catro da Lei 22/2021, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, que indica que: *“non se procederá á contratación de persoal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.”*, debido á proximidade da época estival e á necesidade de prestar un servizo de vixilancia e socorrismo na praias e na piscina deste concello para manter unhas condicións óptimas de seguridade.

Posto que actualmente este concello non conta con persoal municipal que poida realizar as ditas funcións, é necesario realizar os trámites pertinentes para a realización do dito proceso de selección de persoal.

Vista a memoria de alcaldía de data 24/05/2022 na que se considera a contratación deste persoal como de carácter esencial, urxente e inaprazable, tendo en conta o período de tempo no que nos atopamos.

Visto o informe de secretaría e o informe de fiscalización que constan no expediente.

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección de persoal referenciada e de conformidade co art. 21.1.g da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

RESOLVO:

Primeiro: Considerar prioritaria a contratación de socorristas para o Servizo de Vixilancia e Socorrismo nas praias e na piscina municipal deste Concello, durante dous meses, motivado pola proximidade da época estival e a necesidade de prestar canto antes o servizo de vixilancia e socorrismo na praia de Laxe tendo en conta a alta afluencia de bañistas na praia nos meses de verán, e a apertura da piscina municipal, sendo imprescindible contar con este servizo para velar pola seguridade dos/as usuarios/as.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Segundo: Aprobar as bases que rexerán o proceso de selección e que figuran como anexo a este decreto.

Terceiro: Convocar o proceso de selección mediante concurso-oposición para a contratación laboral temporal, a xornada completa, baixo a modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, de 7 socorristas, a xornada completa, para a prestación do servizo de vixilancia e socorrismo nas praias e na piscina municipal, subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade, convocatoria 2022.

Cuarto: Remitir oferta de emprego á Oficina de emprego do Servizo Público de Emprego de Carballo de acordo co establecido na orde de convocatoria do 07/01/2020 da Consellería de Emprego e Igualdade; publicar no Taboleiro de anuncios de Concello de Laxe e na páxina web do concello (www.concellodelaxe.com) o anuncio indicativo deste proceso de selección e a súa convocatoria, máis as súas bases.

Mándao e asíno en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde D. José Luís Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde
Asdo. José Luís Pérez Añón

A secretaria-interventora
Asdo. Begoña Carrasco García

ANEXO

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 7 SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE VIXILANCIA E SOCORRISMO NAS PRAIAS E NA PISCINA MUNICIPAL, DO CONCELLO DE LAXE, PREVIA SELECCIÓN POLA OFICINA DE EMPREGO DE CARBALLO. CONVOCATORIA PARA O ANO 2022.

BASES

PRIMEIRA.-OBJECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da convocatoria é a contratación laboral temporal, con carácter de urxencia, na modalidade de "contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral", e utilizando o concurso-oposición como sistema de selección de 7 socorristas, do que un deles actuará como coordinador, distribuídos do seguinte xeito:

- 6 socorristas para o Servizo de vixilancia e socorrismo nas praias do concello,
- 1 socorristas para o Servizo de vixilancia e socorrismo na piscina municipal

de acordo co establecido na Orde do 07/01/2022 (DOG núm. 21 de 01/02/2022) da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito da colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022.

SEGUNDA.-XORNADA DE TRABALLO, DURACIÓN DO CONTRATO E SALARIO DOS TRABALLADORES

O contrato de traballo será a xornada completa, de luns a domingo; cos descansos que establece a lei.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

As vacacións e o horario que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo.

A duración do contrato será de 2 meses.

As persoas traballadoras terán un salario mensual de 1.500,00 € brutos mensuais (soldo base, prorrata de paga extra).

O socorrista coordinador percibirá un complemento de coordinación de 60,00 € brutos mensuais.

TERCEIRA.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

1.-Para seren admitidos ao presente concurso-oposición os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou ter nacionalidade de outro estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados membros.

b) Ter 16 anos cumpridos.

c) Os aspirantes que resulten seleccionados deberán acreditar a titulación correspondente a Graduado Escolar ou Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou titulación equivalente ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

d) Certificado médico no que conste que non padecen enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opte. Este certificado deberán achegalo antes da realización das probas prácticas e será indispensable para a realización das mesmas, sendo excluído o/a aspirante en caso de non presentalo. Poderá ter como máximo, unha antigüidade de 3 meses en relación á data fixada para o desenvolvemento das probas.

En casos excepcionais, este certificado poderá ser suplido cunha declaración xurada axustada ao modelo que figura como anexo a estas bases.

e) Estar inscrito no Rexistro Profesional de persoal socorrista, información e primeiros auxilios de Galicia, na sección: socorristas en espazos acuáticos naturais para os socorristas na praia e na sección: socorristas en instalacións acuáticas para os socorristas da piscina, de conformidade co Decreto 152/2021, de 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

En defecto de inscrición, ter presentada a solicitude de inscrición no citado Rexistro Profesional, sempre, neste último caso, que desde a data de presentación da solicitude non teña transcorrido o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste caso deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia de dita solicitude de inscrición no Rexistro Profesional, así como da documentación acreditativa da formación mínima esixible para a inscrición na sección correspondente á que se refire o artigo 4.2 do dito Decreto 152/2021.

f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.

g) Estar desempleado inscrito como demandante de emprego como socorrista no Servizo Público de Emprego de Galicia, na Oficina de Emprego de Carballo e figurar na relación de currículos que envía a Oficina de Emprego de Carballo ao Concello de Laxe para a oferta presentada en relación con esta contratación.

h) Non ter sido contratado/a por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade, no ámbito de colaboración coas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.

i) Segundo o artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na administración pública, incluírase un exame de galego, agás para aqueles aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, mediante a presentación do certificado Celga 2 ou equivalente. (Requisito que deberá acreditar coa presentación da copia do mesmo).

2.-Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

De acordo co establecido no art. 14.1 da orde do 07/01/2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, as persoas traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos e polas cales se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñible para o emprego. Estes requisitos deberanse cumprir tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal.

3.-Será nulo o nomeamento dos que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

CUARTA.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.- O Concello de Laxe dará publicidade á convocatoria e ás bases de selección por anuncios no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web, presentará unha oferta de emprego ante a oficina de emprego de Carballo facendo referencia aos requisitos que deben reunir os/as traballadores/as a contratar.

2.- O Servizo de Emprego realizará unha sondaxe de demandantes, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, remitindo novos candidatos se o concello xustifica o incumprimento dos requisitos da oferta ou rexeitamento voluntario ou incomparecencia dos remitidos, tendo en conta que non poden repetir aqueles que estiveran contratados por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, debendo remitir ao Concello os candidatos correspondentes, tendo en conta que terán preferencia en todo caso os colectivos sinalados no art. 14.5 da Orde do 07/01/2022 citada anteriormente.

3.- Os/As aspirantes presentarán instancia (Anexo I) para participar neste proceso dirixida ao Sr. Alcalde no **Registro Xeral do Concello de Laxe (con cita previa), dentro do prazo de 3 días hábiles que se contarán dende o día seguinte a aquel no que se comuniquen os/as candidatos/as que o seu currículo foi enviado pola oficina de emprego**, previa presentación da oferta de emprego correspondente por parte do Concello.

A comunicación aos desempregados farase a través do teléfono ou do correo electrónico que figure na documentación remitida dende a oficina de emprego de Carballo.

As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

4.-Á instancia (Anexo I) unirase inescusablemente:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.
- Anexo II Declaración xurada aptitude física ou psíquica.
- Declaración xurada de non ter sido contratado/a por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade, no ámbito de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas (Anexo III).

d) Fotocopia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos no momento da presentación da instancia, así como da titulación requirida.

e) Copia da inscrición no Rexistro Profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia, na sección correspondente ou copia do documento de solicitude de inscrición.

f) Tarxeta de demandante de Emprego

g) Certificado médico de acordo co establecido na base terceira, letra d. Poderase presentar coa instancia de solicitude ou antes da realización das probas prácticas.

h) Fotocopia do título de Celga 2 ou equivalente, se é o caso.

5.- Os/As aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentaran os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo.

Os/As demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

6.- Presumirase que a documentación é auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso. Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias. Ou aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

5.-Os erros de feito que puideran advertirse poderán ser subsanados en calquera intre, de oficio ou a petición do interesado.

6.-Os/As aspirantes quedan vinculados ós datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demanda-la súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 desta base para a presentación de solicitudes, transcorrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

QUINTA.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

1.-Rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde-Presidente do concello ou concelleiro en quen delegue ditará resolución aprobando a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal (dirección <https://sede.laxe.es>) e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

A resolución pola que se aproba a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as será definitiva no caso de non haber excluídos/as.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

2.- No caso de habelos, os/as aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos disporán dun prazo de 2 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica municipal (dirección <https://sede.laxe.es>) para subsanar os defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión das relacións de admitidos e excluídos.

Os/As aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos deste proceso.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva.

3.- Posteriormente, e de selo caso, elaborárase unha nova lista definitiva cos/as candidatos/as definitivamente admitidos/as e excluídos/as, segundo o resultado das subsanacións a que se refire o parágrafo anterior, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal (dirección <https://sede.laxe.es>)

Na mesma resolución, o alcalde ou concelleiro en quen delegue determinará o lugar, hora e data de comezo da proba práctica da fase de oposición, así como a composición do Órgano de selección, que se publicará igualmente no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal (dirección <https://sede.laxe.es>)

4.- A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na Base 11ª.

5.- Contra a resolución a que se refire o punto 1, así como contra aquelas que resolvan a subsanación de defectos ou omisión de inclusión a que se refire o punto 2 poderán interpoñerse os recursos a que haxa lugar en Dereito.

SEXTA.-TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1.- Os membros do tribunal cualificador serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por un número impar de membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición á paridade entre home e muller.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Non poderán formar parte do tribunal os funcionarios ou laborais fixos que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

2.-O Tribunal Cualificador estará integrado do seguinte xeito:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Presidente/a: un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo.

Vogais: tres funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo

Secretario/a: un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, que actuará con voz e voto.

A súa composición farase pública na mesma Resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Igualmente, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

3.- O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a Presidente/a.

4.-O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

5.- O Tribunal poderá adoptar as medidas precisas naqueles casos nos que resulte necesario para que os e as aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións ás do resto dos demais aspirantes.

6.-O Tribunal cualificador queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

7.-Aos efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

8.-A Alcaldía resolverá de acordo coa proposta do Tribunal, que terá carácter vinculante.

SÉTIMA.-COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS

1.- Os/As aspirantes serán citados para o día sinalado para a realización das probas.

2.- Con carácter xeral, para aquelas probas que non poidan celebrarse conxuntamente, os aspirantes serán chamados de acordo coa Resolución do 28 de xaneiro de 2022 da Consellería de Facenda e Administración Pública (publicado no DOG núm. 24, do 4 de febreiro de 2022) pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que a orde de actuación dos aspirantes empezará por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra <<T>>.

De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

3.-Os/As aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamada única. A non presentación a calquera dos exercicios no momento de seren chamados comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar no exercicio do que se trate e nos sucesivos e, xa que logo, quedará excluído do proceso selectivo.

Malia o anterior, nos supostos de caso fortuíto ou forza maior que impidise a presentación dos aspirantes no momento previsto, sempre que esté debidamente xustificado e así o aprecie o Tribunal, poderase examinar ós aspirantes afectados por estas circunstancias, sempre que non rematase a proba correspondente ou de rematar esta, cando non se entorpeza o desenvolvemento da convocatoria con prexuízo para o interese xeral ou de terceiros.

4.-Para as persoas con minusvalías que o soliciten na instancia, estableceranse as adaptacións posibles de tempo e medios que lles permitan a axeitada realización das probas.

5.-O Tribunal, salvo razóns que xustifiquen o contrario, adoptará as medidas oportunas para que os exercicios sexan corrixidos sen coñece-la identidade do aspirante.

OITAVA.-PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

Só se valorarán os méritos que queden debidamente acreditados polos/as aspirantes.

No sistema de selección terase en conta:

A) FASE DE OPOSICIÓN

Será previo á fase de concurso.

A puntuación total neste apartado será de 20 puntos.

Os/As aspirantes serán convocados/as para as probas prácticas en chamada única e deberán presentarse co seu DNI. A non presentación ao exercicio no momento de seren chamados comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar nas probas prácticas, quedará excluído do proceso selectivo.

Os/As aspirantes que non superen as probas da fase de oposición, quedarán eliminados do proceso selectivo, e polo tanto, non serán valorados na fase de concurso.

Consistirá na realización dos seguintes exercicios:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio. NATACIÓN EN AUGAS ABERTAS, consistirá en recorrer a nado unha distancia dende un punto do areal sinalado polo tribunal ata o lugar onde se atope unha boia de sinalización ou embarcación. Chegados ata esta, os aspirantes virarana segundo as agullas do reloxo, deixándoa ó seu costado dereito. O punto de saída e chegada establecerase polo tribunal cunha distancia á beiramar entre 5m- 15m dependendo do perfil da praia e da situación da marea.

Valoraranse os mellores tempos segundo o detallado na táboa seguinte:

TEMPO	1º MELLOR TEMPO	2º MELLOR TEMPO	3º MELLOR TEMPO	4º MELLOR TEMPO	5º MELLOR TEMPO	RESTO PERSOAS PARTICIPANTES	PERSOAS QUE NON REMATAN A PROBA
PUNTUACIÓN	5	4	3	2	1	0	Eliminado /a

Os aspirantes que non rematen este exercicio serán eliminados deste proceso selectivo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio. CORRER NA PRAIA, carreira de 100 metros na area. A proba farase descalzo e de forma individual.

Puntuarase ata 5 puntos, de acordo co seguinte baremo (expresado en segundos):

TEMPO	14,49 ou menos	De 14,99 a 14,50	De 16,49 a 15,00	De 16,99 a 16,50	De 20,00 a 17,00	Máis de 20,00
PUNTUACIÓN	5	4	3	2	1	Eliminado/a

Os aspirantes que realicen este exercicio nun tempo superior a 20 segundos quedarán eliminados destes proceso selectivo

Terceiro exercicio.- Exercicio teórico

De carácter obrigatorio. Contestar nun máximo de 30 minutos un cuestionario formulado polo Tribunal composto por 20 preguntas tipo test relacionadas coas funcións propias dun socorrista acuático, lexislación básica e sobre o municipio de Laxe. A puntuación máxima deste apartado será de 10 puntos.

Cuarto exercicio: Acreditación do coñecemento da lingua galega (Apto/a ou Non apto/a): de carácter obrigatorio e eliminatorio para os aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega segundo a base 4ª.

Consistirá no seguinte exercicio: Traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán a galego. Este exercicio valorarase para cada aspirante como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondendo ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar o dito resultado.

Trala realización deste exercicio e a súa avaliación, o Tribunal procederá á publicación da relación daqueles aspirantes que o superaron.

B) FASE DE CONCURSO

Será posterior á fase de oposición e non terá carácter eliminatorio. O total da fase de concurso será de 5 puntos.

O Tribunal non poderá avaliar o non alegado e acreditado polos/as aspirantes nos documentos achegados no momento de presenta-las solicitudes ás probas selectivas.

No concurso avaliaranse os seguintes méritos:

A.- Experiencia profesional como socorrista en postos similares: 0,20 puntos por mes, **ata un máximo de 4,00 puntos.**

Estes méritos acreditaranse mediante copia dos correspondentes contratos de traballo, xunto co certificado de empresa ou informe de vida laboral; ou certificación expedida polo funcionario competente do organismo correspondente que reflicte as tarefas desempeñadas.

B.- Formación profesional específica (puntuación máxima: 1,00 punto).

- Por ter realizado un curso de manexo de desfibrilador externo semiautomático (Desa) impartido por persoal cualificado: 0,50 puntos.
- Título habilitante para o manexo de embarcacións de recreo, de conformidade co establecido no Real Decreto 875/2014, de 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

gobierno de embarcacións de recreo: patrón de embarcacións de recreo (PER) ou patrón navegación básica (PNB) ou autorización/licenza federativa para o manexo de embarcacións, valoraranse:

- Autorización/licenza federativa: 0,25 puntos
- Patrón navegación básica (PNB): 0,75 puntos
- Patrón embarcacións de recreo (PER) ou superior: 1 punto

Só se valorará a acreditada de maior puntuación.

Os méritos deste apartado acreditaranse mediante copias dos correspondentes títulos ou diplomas. Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

NOVENA.-RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE DESIGNACIÓN.

1.-Rematada a cualificación dos/das aspirantes, o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo superar estes o número de prazas convocadas e faraa pública no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica municipal.

A cualificación para cada exercicio e aspirante determinarase pola media resultante das cualificacións outorgadas por cada membro do Tribunal.

No caso de empate nas puntuación de dous ou máis candidatos, o Tribunal resolverá a favor daquel/a candidato/a que obtivera maior puntuación na fase de oposición. De persistir o empate, resolverase a favor da persoa candidata que conte con maior puntuación no apartado de experiencia profesional por servizos prestados na administración pública. De non ser posible desfacer o empate, decidirase por sorteo.

Distribución dos postos de traballo:

O posto de coordinador socorrista asignarase, de entre os/as aspirantes que superen o proceso selectivo, atendendo á súa experiencia e ao seu perfil profesional.

De entre os/as candidatos/as que superen o proceso selectivo e tendo en conta a súa elección expresada na solicitude, distribuiranse os postos de traballo que ocuparán en función das necesidades do servizo.

Debido a que hai un único posto de traballo como socorrista para a piscina municipal, no caso de que haxa 2 ou máis candidatos/as que soamente poidan prestar servizos como socorristas na piscina municipal, unicamente formará parte da relación de aprobados un deles atendendo á maior puntuación acadada no proceso selectivo. O resto dos/as aspirantes, no caso de permanecer no proceso selectivo á finalización das probas prácticas, pasarán a formar parte da lista de reserva.

Calquera outra casuística que se poida dar no desenvolvemento deste proceso selectivo, o tribunal queda autorizado para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo.

2.- O tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, na que figurarán aqueles/as aspirantes que, aínda que superasen o proceso selectivo, non resultasen aprobados/as por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o/a aspirante aprobado/a non chegue a formaliza-lo contrato de traballo, o órgano convocante poderá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadada, de conformidade co previsto no art. 61.8 do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

4.- A acta do Tribunal publicarase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal (<https://sede.laxe.es>), na que aparecerá o listado coas puntuacións, por orde decrecente, acadadas por cada un/unha dos/das aspirantes no procedemento de selección e a proposta de contratación será elevada ao sr. Alcalde aos efectos de proceder aos nomeamentos e á correspondente formalización dos contratos de traballo. Os/As interesados/as disporán dun prazo de 2 días hábiles contados dende o día seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións, que estimen oportunas, no Rexistro Xeral do Concello de Laxe.

Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolveranse as alegacións existentes e ditarase resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba esta lista de contratación

5.- A resolución nomeando aos candidatos/as seleccionados/as será obxecto de publicación mediante anuncio inserido no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica municipal e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

DÉCIMA.- BOLSA DE TRABAJO.

As persoas candidatas que superen o proceso de selección e non resulten seleccionadas para o posto de traballo por non acadar a puntuación suficiente pasarán a formar parte dunha **bolsa de traballo**, de tal maneira que, no caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou outros supostos nos que o/a aspirante aprobado/a non chegue a formaliza-lo contrato de traballo ou de formalizalo estivera en calquera das situacións antes descritas, o órgano convocante poderá realizar a substitución pertinente para o dito servizo sempre e cando os/as candidatos/as cumpran os requisitos establecidos no apartado terceiro para ser admitidos/as e continúe en desemprego no momento de formalizar a contratación.

A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases estará vixente ata o remate do contrato.

En ningún caso se adquirirá fixeza a través das contratacións da Bolsa de Emprego.

UNDÉCIMA.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

1.-O/A aspirante proposto presentará na Secretaría do Concello, no prazo de 5 días naturais, contados a partir da publicación da relación de aprobados no Taboleiro de Anuncios de Concello, os documentos seguintes:

- a.- Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.
- b.- Copia compulsada da titulación de Graduado Escolar ou graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente. En caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá acreditarse a habilitación mediante documento que acredite de forma fidedigna a súa homologación.
- c.- Copia compulsada dos méritos alegados ou ben xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición dos mesmos.
- d.- Certificado médico oficial, no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba de oposición.
- e.- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- f.- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- g.- Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

h.- Os aspirantes que fixeron valer a súa condición de persoas con minusvalía, deberán acreditar tal condición e así mesmo a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza, mediante certificación expedida polo Organismo competente na materia.

i.- Xustificante de estar desempregado no momento de inicio da relación laboral.

k.- Documento orixinal ou fotocopia compulsada da titulación de Celga 2, de ser o caso.

2.-A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido.

Neste caso, a proposta considerase feita a prol dos/as aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados; todo elo como consecuencia da citada anulación.

DUODÉCIMA.-DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

1.-Presentada a documentación polos/as interesados/as, e sendo a mesma conforme, o Sr. Alcalde procederá á designación dos/as aspirantes seleccionados e á formalización dos correspondentes contratos laborais.

2.-Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

3.-Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o/a aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

4.-Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizalo contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

DÉCIMOSEGUNDA.-INCIDENCIAS.

1.-A presente convocatoria, as súas bases, e tódolos actos administrativos que dela deriven, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas e normas vixentes concordantes.

2.-Para o non previsto nestas Bases, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Legislativo 781/86, de 18 de abril e o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo e a normativa laboral de aplicación.

Laxe, 27 de maio de 2022

O alcalde

José Luis Pérez Añón

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ANEXO I.- PROCESO DE SELECCIÓN DE SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE VIXILANCIA E SOCORRISMO NAS PRAIAS E NA PISCINA MUNICIPAL, DO CONCELLO DE LAXE (PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO, 2022)

D. titular do D.N.I.
núm. e enderezo a efectos de notificación
en rúa.....
nº..... piso..... C.P. Teléfono.:
Correo electrónico:

EXPÓN

- Que desexa participar no procedemento de selección, candidato preseleccionado pola oficina do Servizo Público de Emprego de Carballo, mediante contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, de 7 socorristas de acordo coas bases da convocatoria.

- Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpro con todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases e que a documentación achegada é auténtica.

- Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes estou desempleado e inscrito na oficina de emprego correspondente como demandante non ocupado.

- Que autorizo ó Concello de Laxe para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, á cualificación de probas e avaliación no taboleiro de anuncios do concello, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Laxe ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección. Asemade, autorizo o traslado dos mesmos á Consellería de Emprego e Igualdade co obxecto de xustificar a subvención concedida.

- Que autorizo ó Concello de Laxe para recabar información do Servizo Público de Emprego requirido para xustificar a miña condición de persoa desempregada.

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación (marcar cunha **X**):

Fotocopia do D.N.I.

Documentación acreditativa dos requisitos que desexa comunicar (base 4ª.2.) indicar cal: _____

Documentación acreditativa da fase de concurso.

Polo exposto, **SOLICITA**, sexa admitido/a e participar no procedemento de selección ó que se refire a presente instancia, segundo a titulación esixida, para o posto:

SOCORRISTA PRAIA

SOCORRISTA PISCINA ÁMBOS DOUS

En.....a.....dede 2022.

Sr. Alcalde do Concello de Laxe

Consonte ao disposto na Lei regulamento xeral de protección de datos 679/2016 DOUE, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Laxe relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude. A presentación desta instancia implica a aceptación incondicional das bases aprobadas.

FIRMADO POR José Luis Pérez Añón (FECHA: 30/05/2022 12:00:00) , Begoña Carrasco García (FECHA: 30/05/2022 13:13:00)

Decreto Nº: 312/2022 - Fecha de decreto: 30/05/2022

Decreto Nº: 312/2022 (FECHA: 30/05/2022 12:00:00) , Begoña Carrasco García (FECHA: 30/05/2022 13:13:00)

Decreto Nº: 312/2022 - Fecha de decreto: 30/05/2022

Decreto Nº: 312/2022 - Fecha de decreto: 30/05/2022

Decreto Nº: 312/2022 - Fecha de decreto: 30/05/2022

Decreto Nº: 312/2022 - Fecha de decreto: 30/05/2022

Decreto Nº: 312/2022 - Fecha de decreto: 30/05/2022

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ANEXO II.- DECLARACIÓN XURADA APTITUDE FÍSICA OU PSÍQUICA. PROCESO SELECCIÓN SOCORRISTAS.

D. titular do D.N.I.
n.º e endereço a efectos de notificación
en rúa.....
n.º..... piso..... C.P. Teléfono.:
Correo electrónico:

Baixo promesa ou xuramento e baixo a miña enteira responsabilidade, DECLARO que conto coas condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización de probas físicas de máximo esforzo fóra e dentro da auga.

Que dado que cumpro coas ditas condicións, desexo participar nas probas correspondentes ao proceso selectivo de Socorristas do Concello de Laxe.

Tamén DECLARO ter sido informado polo Concello de Laxe de que é necesario que, con carácter previo á realización das probas físicas, me faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade infecto-contaxiosa e/ou dalgun problema que puidera impedir a realización das ditas probas nas condicións debidas, achegando o certificado médico acreditativo deses extremos.

Para que conste e surta os efectos oportunos, asino o presente.

En.....a.....dede 2022.

Asdo.

Sr. Alcalde do Concello de Laxe

Consonte ao disposto na Lei regulamento xeral de protección de datos 679/2016 DOUE, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Laxe relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

A presentación desta instancia implica a aceptación incondicional das bases aprobadas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ANEXO III.- DECLARACIÓN XURADA. PROCESO SELECCIÓN SOCORRISTAS.

D. titular do D.N.I.
núm. e endereço a efectos de notificación
en rúa.....
nº..... piso..... C.P. Teléfono.:
Correo electrónico:

Baixo promesa ou xuramento e baixo a miña enteira responsabilidade, DECLARO que

Non fun contratado por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.

Para que conste e surta os efectos oportunos, asino o presente.

En.....a.....dede 2022.

Asdo.

Sr. Alcalde do Concello de Laxe

Consonte ao disposto na Lei regulamento xeral de protección de datos 679/2016 DOUE, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Laxe relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

A presentación desta instancia implica a aceptación incondicional das bases aprobadas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)